

# VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

Tres anos sen Manuel María

## Nun lugar dos sonhos

O poeta chairego deixounos no 2004. Tamén o 8 de setembro fãanse 30 anos da tradución ao portugués d' *Os sonhos na gaiola*.

Redacción - 19:15 07/09/2007

Este sábado, no Muíño do Rañego, en Vilalba, faráselle unha homenaxe ao [autor](#) no seu terceiro cabodano. A Fundación Manuel María organiza un acto que consiste en colocar o segundo hectómetro literario no "camiño dos sonhos", a partir das 12.00.

Haberá ademais unha táboa redonda na Casa de Cultura vilalbesa, arredor da tradución ao portugués de *Sonhos na gaiola*. Nela participarán [Concha Blanco](#), escritora e mestra en Cee, [María Xosé Lamas](#), directora do Centro Dramático Vilalbés e mestra en Vilalba, a escritora Paula San Vicente, gañadora do Premio Carballo Calero, [Paco Martín](#), escritor e Premio Nacional de Literatura Infantil con *Das cousas de Ramón Lamote*, e [Carlos Quiroga](#), profesor na USC de linguas lusófonas, e director da revista Agália.

Modéraos David Otero, escritor e profesor na Estrada. Logo de xantar no restaurante Río Ladra de Gaioso, ás 18.00, terá lugar un de poemas do autor da Terra Cha, nas Penas de Rodas. Unha hora despois haberá unha ofrenda floral no Cemiterio de Outeiro de Rei.

### A navalla do Manuel

Para rematar, no Campo da Santa Sabel, desenvolverase un rito compartido: "A navalla do Manuel". O poeta adoitaba coleccionar navallas, un símbolo de confraternidade: para cortar o pan, para compartir, nunha sorte de comunión laica. Xa o ano pasado lles fora entregada unha navalla simbólica a Mini e Mero, da [Quenlla](#), responsábeis da pregaría. Este ano volve a Quenlla render homenaxe ao poeta, xunto a Miro Casabella, Antón Valcarce, e outros moitos poetas e músicos.